



III PREMIO DE POESÍA ESTRATOSFÉRICA

Bases do premio

O III Premio de Poesía Estratosférica é unha iniciativa de NOSA (Axencia Espacial Escolar Galega) solidariamente entre os seguintes centros educativos: IES Maruxa Mallo de Ordes, IES Miraflores de Oleiros, IES Marco do Camballón de Vila de Cruces, IES Arcebispo Xelmírez II de Santiago de Compostela, CPI Plurilingüe O Cruce de Cerceda e IES Ferrol Vello.

1. Poderán concorrer ao III Premio de Poesía Estratosférica autoras e autores de calquera nacionalidade, que non gañasen o premio na mesma categoría en edicións anteriores, presentando unha soa obra de temática cósmica e escrita en lingua galega.
2. O premio ten una categoría na ESO (A) e outra no bacharelato (B), por cada un dos institutos organizadores e outras idénticas libres (C na ESO e D no bacharelato) para calquera estudante das mesmas etapas educativas que estea cursando estudos nalgún centro público galego, e consistirá no envío dos poemas á estratosfera dentro da cápsula MarumaSat V tras a súa lectura pública no acto do lanzamento.

Se poden recuperarse, devolveranse certificados ás súas autoras ou autores e en caso de que se perdesen na viaxe, certificarase unha copia exacta. Todos eles serán debidamente enmarcados antes de devolvérense ás súas autoras ou autores. En caso de autoría colectiva só se enviará e certificará un exemplar que será

compartido polo grupo premiado. Cada centro farase cargo dos gastos ocasionados polo enmarcado dos seus traballos; o IES Maruxa Mallo asumirá tamén os das categorías libres.

3. As obras aspirantes, que deberán ter unha extensión máxima dunha páxina (DIN A4 de gramaxe máxima 80 gr/m²) serán inéditas na súa totalidade e non poderán estar presentadas simultaneamente a outros concursos. Nas categorías A e B realizarase unha fase previa en cada centro para seleccionar un máximo de tres poemas que serán enviados ao xurado para participar na final.

4. Os orixinais deberanse presentar baixo lema e mecanografados ou cunha caligrafía artística, mesmo ilustrados, de tal xeito que sexa compatible co dobrado necesario do papel para ser introducido no interior da cápsula. As obras entregaranse ao profesorado encargado de cada centro. Presentaranse dous sobres.

-Un sobre I co poema no seu interior. No exterior dese sobre deberá figurar unicamente o lema baixo o que concursa o participante e a categoría en que compite (ESO ou bacharelato e o nome do centro ou en que categoría libre participa).

-Outro sobre II pechado co mesmo lema escrito no exterior e que dentro achegue os seguintes datos:

- categoría
- lema
- nome e apelidos da autora ou autor
- centro de procedencia
- nivel que estea cursando a persoa neste momento

Os traballos das categorías abertas (C, da ESO e D, do bacharelato) e que, por tanto, non participan desde os centros organizadores, deberán respectar as mesmas normas e entregarán os dous sobres arriba indicados, no interior dun terceiro (III) que se enviará por correo postal ou empresa mensaxeira. Neste caso no sobre de autenticación (II) incluíranse ademais dos datos xa indicados:

- fotocopia do DNI
- endereço postal
- endereço electrónico e teléfono de contacto
- acreditación de que a autora ou autor está matriculada nun centro público galego

5. Os traballos da categoría aberta deberanse enviar por correo postal ou empresa mensaxeira co seguinte encabezamento no sobre:

III Premio de Poesía Estratosférica
Departamento de Lingua Galega e Literatura
IES Maruxa Mallo
As Casillas s/n, 15680 Ordes, A Coruña

6. O prazo de admisión rematará o luns 16 de marzo de 2020. Excluíranse todos os envíos que leven data posterior.

7. O xurado cualificador estará constituído por persoas de recoñecido labor no ámbito literario. Como presidente actuará a persoa escollida por NOSA a tal efecto. Corresponderalle ao xurado a interpretación destas bases e a súa decisión será inapelable.

8. A decisión do xurado do III Premio de Poesía Estratosférica farase pública, a través dos medios de comunicación, co gallo do lanzamento da sonda estratosférica MarumaSat V.

9. Poderase declarar o premio deserto en todas ou en calquera das categorías, de non existiren obras de calidade adecuada a xuízo do xurado.

10. As obras premiadas publicaranse nas actas do seguinte congreso de NOSA, e renunciarán as autoras ou autores, na primeira edición, aos dereitos que puidesen corresponderlles. De existiren posteriores edicións, deberase facer constar nelas que a obra recibiu o III Premio de Poesía Estratosférica de NOSA (Axencia Espacial Escolar Galega).

11. Non se devolverán os orixinais nin se admitirán reclamacións sobre eles. O feito de presentarse ao III Premio de Poesía Estratosférica implica a aceptación por parte das persoas participantes das presentes bases na súa totalidade.

Saúde, terra e estratosfera!

